



VII Encontro Galego dos Programas Universitarios para Maiores (A Coruña)

A Universidade Sénior acolle o día **11 de maio** no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas da Coruña, unha nova edición do Encontro Galego de Programas Universitarios para persoas maiores.

O seu obxectivo é favorecer e por en valor a democratización do coñecemento; potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos. Para acadalo, é preciso poñer en marcha accións específicas, desenvolvidas a través dos programas universitarios, que contribúan ao desenvolvemento formativo, cultural e social; que permitan avanzar cara un envellecemento activo, mellorando a calidade de vida e favorecendo o crecemento persoal e social entre os maiores.

Queremos animarvos a presentar as vosas experiencias e facer desta xornada un punto de encontro e de diálogo, para todas aquelas persoas comprometidas coa mellora das competencias asociadas á formación permanente e a aprendizaxe ao longo de toda a vida, como compromiso dos nosos programas para maiores.

Na seguinte ligazón da páxina web de FEGAUS tes toda a información:

<http://fegaus.com/vii-encontro-galego-pum/>

Como observarás, na documentación, a **data límite para a inscrición é o: 20 de abril**. A inscrición realizarase no seguinte formulario electrónico:

<https://universidadesenior.wordpress.com/2018/02/28/encontro-galego-de-pums-formulario-de-inscripcion/>

A inscrición inclúe a documentación, pausa-café, xantar de confraternización e a visita guiada ao Aquarium Finisterrae.

Sería bo que, se te inscribes, nos comuniques esta decisión para ter constancia dos asistentes e poder coordinar aquelas accións que consideremos oportunas.

ASAEXS
25Marzo, 2018